

Estimadas familias,

Dende a Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación queremos informaros do procedemento para facer a **reserva de praza nas ensinanzas de Bacharelato**.

Ao rematar 4º de ESO os vossos fillos/as teñen varias opcións:

- Cursar Bacharelato no IES Torrente Ballester (Centro adscrito ao CPI do Toural)
- Cursar Bacharelato noutro IES
- Cursar outras ensinanzas (Ciclo FP, Ensinanzas de Música, etc.).

En caso de querer cursar Bacharelato **no IES Torrente Balleste** (Pontevedra), o prazo para facer a reserva é do **16 de xaniero ao 6 de febreiro**.

En caso de querer cursar Bacharelato **noutro IES** o prazo de reserva é do **1 ao 20 de marzo**.

O prazo para reserva de praza en **Ciclos Formativos** soe ser **en xuño**. No seu momento informáremosvos, pero ante a dúbida, recomendámosvos facer a reserva de praza en Bacharelato xa que logo non estariades obrigados a facer a matrícula.

E como facer a solicitude de reserva?

Podedes facelo de dúas maneiras:

- De xeito presencial.
- De xeito telemático.

De xeito presencial:

- a) Cumprimentar o **Anexo I**
- b) Imprimilo
- c) Asinalo
- d) Presentalo no noso IES se é para cursar Bacharelato no IES Torrente Ballester (**antes do 6 de febreiro**).
Se queredes que cursen Bacharelato noutro IES tedes que presentalo nese outro IES e cumprimentando o **Anexo II** (e non o Anexo I).

Anexo I:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/3anexos_formateados_ed550a_g.pdf

Anexo II:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/3anexos_formateadois_ed550b_g.pdf

De Xeito telemático:

Seguindo as instrucións do punto 2 que aparecen no seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.es/admisionlumnado/>

Ademais, a orientadora elaborou unha guía para que podades empregar o buscar de centros de Galicia e saber así en que centros se imparten cada ensinanza, que vos será enviado por ABALAR.